

## **VÍDEO-ENXEÑOS**

### **I Concurso de vídeos sobre enxeñaría química e informática**

A Escola Superior de Enxeñaría da USC, a través da súa Comisión de Normalización Lingüística (CNL), co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, convoca o I Concurso de vídeos sobre enxeñaría informática e química cos seguintes obxectivos:

- Promover o uso do galego entre o alumnado das titulacións do centro
- Visibilizar as titulacións de grao e mestrado do centro e mellorar o coñecemento da ETSE pola sociedade
- Divulgar entre a sociedade galega aspectos interesantes da enxeñaría informática e da enxeñaría química
- Estimular a creatividade do estudantado cos medios audiovisuais.

## **BASES DO CONCURSO**

### **PARTICIPANTES**

1. Poderá participar no concurso o alumnado matriculado nas titulacións de grao, mestrado e doutoramento impartidas na ETSE neste curso 2021-22, de xeito individual ou en grupos, sempre e cando a totalidade dos membros cumpran o requisito de seren membros da Escola.

### **CARACTERÍSTICAS DOS VÍDEOS**

2. Os vídeos poderán responder a algunha das seguintes tipoloxías:
  - a) Vídeo xeral sobre algún aspecto ou temática emerxente relacionada cos seus estudos.
  - b) Vídeo divulgativo sobre algún aspecto técnico relacionado cos contidos ou competencias dos seus estudos.
  - c) Proxectos educativos destinados ao ensino secundario relacionados coa enxeñaría informática ou coa enxeñaría química.
3. A lingua empregada será o galego, tanto oralmente (locucións, diálogos...) como por escrito (elementos gráficos, subtítulos, etc.).

4. A duración dos vídeos será de entre 2 e 3 minutos.
5. Os traballos presentados deben ser inéditos e orixinais.
6. Na valoración dos vídeos terase en conta a corrección científica e a precisión do contido, a corrección lingüística oral e escrita, a posta en valor da igualdade de xénero, a calidade técnica (imaxe e son), a creatividade e a orixinalidade, así como a eficacia da proposta.

#### PRESENTACIÓN

7. Os vídeos confeccionados deberán presentarse a través do formulario electrónico dispoñible no enderezo:

<https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe-SFjCO9uQIGmWHL520--gRUQkJRMFVSMEJNQkVRTEFHNDIzUDJNNFBPW4u>

8. O prazo para a presentación de propostas remata ás 14 horas do 29 de abril de 2022.

#### PREMIOS

9. O concurso está dotado con catro premios consistentes en diploma e vale para adquisición de material informático por valor de 325€ para cadansúa categoría:
  - a) Estudantes de Grao en Enxeñaría Informática
  - b) Estudantes de Grao en Enxeñaría Química
  - c) Estudantes de mestrados do ámbito da enxeñaría informática (Big Data, CAP, Visión por Computador) ou do Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información
  - d) Estudantes de mestrados do ámbito da enxeñaría química (Enxeñaría Ambiental, Enxeñaría Química e Bioprocesos) ou do Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental
10. A organización do concurso resérvase o dereito a declarar desertos os premios, no caso de que os vídeos non reúnan ás condicións necesarias para seren premiados, a ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos e a redistribuír a dotación dos galardóns.
11. Os vídeos gañadores anunciaranse nas páxinas web da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria>) e do Servizo de Normalización Lingüística da USC ([www.usc.gal/snl](http://www.usc.gal/snl)). Ás persoas e equipos gañadores comunicaráselles persoalmente por algún dos medios sinalados na presentación.

12. Os premios entregaranse nun acto público organizado pola ETSE o 9 de xuño de 2022.

#### XURADO

13. Constituiranse dous xurados, un para valorar os traballos do alumnado do Grao en Enxeñaría Informática, dos mestrados do ámbito da Enxeñaría Informática (Big Data, CAP, Visión por Computador) e do Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información, e outro para valorar os traballos do alumnado do Grao en Enxeñaría Química, mestrados do ámbito da Enxeñaría Química (Enxeñaría Ambiental, Enxeñaría Química e Bioprocesos) e do Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental.

O primeiro xurado estará presidido polo subdirector da ETSE, e estará formado ademais por outra persoa da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE que sexa persoal docente dos graos ou mestrados do ámbito da Enxeñaría Informática e, adicionalmente, por un membro proposto polo Servizo de Normalización lingüística da USC.

O segundo xurado estará presidido pola directora da ETSE, e estará formado ademais por outra persoa da Comisión de Normalización Lingüística da ETSE que sexa persoal docente dos graos ou mestrados do ámbito da Enxeñaría Química e, adicionalmente, por un membro proposto polo Servizo de Normalización lingüística da USC.

#### CONDICIÓN

14. A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito de empregar os vídeos participantes para a súa exposición pública en labores de docencia, divulgación, normalización ou de difusión do propio concurso, con mención á autoría dos seus creadores e creadoras.

15. Os/as participantes autorizarán á USC a faceren públicos os traballos presentados, a través das súas páxinas web, redes sociais e calquera outro medio que a USC estime oportuno.

16. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará a través da web da ETSE e do web do SNL.

17. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.